



**PXA (2020-2021)**

**IES Lucus Augusti**

# Índice

## A.-INTRODUCCIÓN

1.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.....	1
1.2.-OBXECTIVOS NO BACHARELATO.....	5
1.3.-OBXECTIVOS NA FORMACIÓN PROFESIONAL.....	6
1.4.-OBXECTIVOS NA EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS.....	6
2.- ASPECTOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.....	7
3.-CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN.....	8
4.-CRITERIOS XERAIS SOBRE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	9
5.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	9
7.- HORARIO XERAL DO CENTRO.....	11

## B.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2020/2021.....13

## C.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

1.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA:.....	12
2.- OBXECTIVOS:.....	13
Lingua galega.....	15
Lingua castelá.....	16
Lingua estranxeira (alemán, francés, inglés).....	17
Seccións bilingües.....	18

## D.- PROXECTO LECTOR.....19

## E.- PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.....19

## F.- TRANSPORTE E COMEDOR.....21

## G.- DATAS DE AVALIACIÓN.....22

## H.- PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....21

## I.- PLAN DE CONVIVENCIA 2020-21.....21

## J.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2020-21.....21

## K.- PROXECTO ERASMUS.....21

KA102 2019-1-ES01-KA102-063192.....	21
KA103 2018-1-ES01-KA103-047687.....	22

## L.-PLAN DE CONTINXENCIA.....22

## **A.- INTRODUCCIÓN**

### **1.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

1. Promover actividades en todas as áreas do coñecemento en que a participación do alumnado sexa activa, evitando actitudes pasivas ou inhibidas.
2. Facilitar a participación do alumnado na promoción e realización das actividades do Centro.
3. Evitar a competitividade nas aulas, favorecendo o estímulo mutuo e a cooperación entre os alumnos.
4. Fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora a través do traballo en equipo e diversos labores de investigación.
5. Facilitar a utilización do Centro como lugar de animación cultural da cidade.
6. Posibilitar que o alumnado exerza o seu dereito á liberdade e ó mesmo tempo respecte os dereitos e liberdade dos outros membros da sociedade.
7. Fomentar os intercambios con outros centros de Galicia, españois e europeos.
8. Fomentar unha actitude crítica e de rexeitamento cara ás actitudes sexistas.
9. Incluír no curriculum contidos transversais de educación para o consumo responsable, para a seguridade vial, para o medio ambiente e patrimonio artístico, para a paz e para a educación saudable.
10. Promover a colaboración entre o alumnado e profesorado para a elaboración de propostas de convivencia pacífica, respecto mutuo e busca de compromiso cos desfavorecidos.
11. Poñer en práctica a diversidade metodolóxica.
12. Conseguir os medios e recursos necesarios para a aplicación da metodoloxía desexada.
13. Rendibilizar o uso do material didáctico do Centro.
14. Fomentar a relación interdisciplinar entre os diferentes departamentos.
15. Desenvolver o plan de igualdade.
16. Continuar co proxecto da Radio do Lucus como ferramenta de manexo de contidos transversais.
17. Detectar posibles necesidades de mellora na atención á diversidade.

18. Mellorar instalacións
19. Actualizar o PEC
20. Adaptar o centro para os distintos escenarios que poden aparecer pola situación de pandemia.
21. Equipar ó centro con recursos tecnolóxicos para afrontar un escenario de clases non presenciais
22. Controlar o cumprimento do plan Covid-19 para o centro e revisar para mellorar as deficiencias.
23. Elaborar o plan de continxencia
24. Adaptar a páxina do centro para a comunicación coas familias.

### **1.1.-OBXECTIVOS NA ESO**

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e galega textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes

á comunidade lusófona.

## 1.2.-OBXECTIVOS NO BACHARELATO

- Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e galega.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elegida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade,

flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **1.3.-OBXECTIVOS NA FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional ; coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que derivan das relacións laborais.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio destas.
- Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como previr os posibles riscos derivados do traballo.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresarias.

### **1.4.-OBXECTIVOS NA EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS**

- Adquirir unha formación básica, ampliar e renovar os seus coñecementos, habilidades e destrezas de modo permanente e



facilitar o acceso ás distintas ensinanzas do sistema educativo.

- Mellorar a súa cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.
- Desenvolver as súas capacidades persoais, nos ámbitos expresivos, comunicativo, de relación interpersoal e de construción do coñecemento.
- Desenvolver a súa capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica e facer efectivo o seu dereito á cidadanía democrática.
- Desenvolver programas que corrixan os riscos de exclusión social, especialmente dos sectores máis desfavorecidos.
- Responder adecuadamente aos desafíos que supón o envellecemento progresivo da poboación, asegurándolles ás persoas de maior idade a oportunidade de incrementar e actualizar as súas competencias.
- Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles.

## **2.- ASPECTOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA**

O Proxecto Curricular do IES Lucus Augusti, a través das programacións de área, recolle as adaptacións metodolóxicas ós distintos escenarios ocasionados pola pandemia e ten en conta os principios derivados da teoría da aprendizaxe significativa, que se pode resumir nos seguintes aspectos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
- Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
- Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.
- Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións, que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina coma no que se refire á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá do alumnado. Neste sentido, a información que recibe o alumnado ha de ser lóxica, comprensible e útil.
- Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.
  - Os alumnos deben ter unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
  - As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo favorecen os procesos de socialización entre os alumnos.
  - É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.
    - Levar a cabo reunións periódicas que permitan unha coordinación interdisciplinar sobre a temporalización das distintas programacións.
    - Procurar evitar, na medida do posible, a repetición de contidos nas programacións.
    - Establecer reunións do profesorado por grupos/cursos co fin de unificar criterios e facer un seguimento contrastivo da evolución dos diferentes grupos/cursos.

### **3.-CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN**

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias.

Os criterios de avaliación das materias serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos .

A avaliación proposta neste Proxecto Curricular identifícase coas seguintes características:

*-Debe ser continua.* A avaliación é un elemento inseparable do proceso educativo. Está inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no momento en que se producen, descubrir as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensino e aprendizaxe.

*-Debe ser integradora.* O carácter integrador da avaliación esixe ter en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos das distintas materias. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será, pois, continua e integradora, aínda que diferenciadas segundo as materias do currículo.

*-Debe ser formativa, cualitativa e contextualizada.* A avaliación estará vinculada ao seu ámbito e a un proceso concreto de ensino e aprendizaxe.

#### **4.-CRITERIOS XERAIS SOBRE PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

Os criterios xerais sobre promoción e titulación na ESO son os recollidos nos artigos 23 e 24 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Os criterios xerais sobre promoción e titulación no BAC son os recollidos nos artigos 33, 34, 35, 36 e 37 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Na situación actual de continuos cambios para adaptarse ó contexto de alarma sanitaria, os criterios poden cambiar e serán os que veñan marcados pola regulación legal correspondente no momento.*

#### **5.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Respecto á diversidade, seguiremos traballando como en cursos anteriores co concepto de adaptación curricular. Non se propón un currículo especial

para o alumnado con necesidades especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que este alumnado alcance, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Este curso e debido a situación sanitaria prestarase especial atención ó alumnado con necesidades especiais que podan requiren de medios, espazos ou adaptacións para que a súa asistencia a clase non se vexa mermada.

As medidas de atención á diversidade na ESO poden ser:

Ordinarias:

- A adaptación do currículo da ESO.
- O reforzo educativo.
- A optatividade.
- A orientación educativa e a integración escolar.

Específicas:

- As adaptacións curriculares.
- Os Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- Os agrupamentos flexibles.

## **6.-ÓRGANOS COLEXIADOS E COMISIÓNS**

EQUIPO DIRECTIVO:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/73>

Director: Carlos Cazón Rivas

Secretaria: Bernardo Sánchez Ouro

Vicedirectora: M.<sup>a</sup> Del Carmen Correa  
Folgar

Xefa de Estudos Ordinario: Dolores Castro Duarte

Xefe de Estudos Adultos: Juan Carlos Rodríguez Fernández

CONSELLO ESCOLAR:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/74>

- 4 Alumnos
- 3 Pais
- 1 Persoal non docente
- 1 Representante do Concello
- 4 Cargos directivos
- 7 Profesores/as

CLAUSTRO:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/77>

- 100 profesores

Todas as comisións pódense ver no enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/72>

## **7.- HORARIO XERAL DO CENTRO**

Os horarios de actividade lectiva para este curso 2020/21 son:

**ESO:**

**8:45 h a 14:15 h cun recreo de 11:15 a 11:45 h**

**BAC:**

**Luns: 17:30 h a 20:50 h**

**De martes a venres: 15:30 h a 21:50 h cun recreo de 18:50 h a 19:20 h**

Este horario impártese en dúas quendas polo que o centro ,en días lectivos, permanece aberto dende as 08:40 horas ata as 22:00 horas. Cómpre ter en conta que os luns os alumnos da ESO teñen clase pola tarde e iso supón, en primeiro lugar, que os alumnos con dereito a comedor quedan no centro os

luns de 14:15 horas a 15:45 horas e, en segundo lugar, o alumnado que utiliza o comedor non pode entrar no centro ata ás 15:45 horas. A saída para todo ESO, os luns, será ás 17:15 horas.

Para os días non lectivos e en periodo vacacional o centro publicará na *web* e no taboleiro de anuncios do centro o horario de apertura.

O IES Lucus Augusti solicitou como día non lectivos para o curso 2020/21: o 18 de maio de 2021.

## **B.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2020/21**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/node/917>

## **C.- PROXECTO LINGÜÍSTICO**

### **1.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA:**

#### **1.1.- Contexto sociolingüístico do Lucus Augusti:**

- Nos fogares conviven as dúas linguas, cun predominio do castelán, sobre todo na relación pais-fillos.
- Nos medios de comunicación e as interaccións comunitarias tamén predomina o castelán.

#### **1.2.- A situación do profesorado:**

- A lingua habitual do profesorado fóra das aulas é, maioritariamente, o galego.
- A capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente é media.
- Podemos cualificar de moderada a disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha

capacitación axeitada.

- Aínda así hai que dicir que se detecta unha actitude favorable cara á utilización do galego no ámbito educativo.

### 1.3.- A situación do **alumnado**:

- Podemos estimar en dous terzos do alumnado os castelán-falantes, aínda que o uso do castelán e do galego nas familias está moi igualado.
- No ámbito escolar a inmensa maioría do alumnado usa o castelán.
- A competencia comunicativa en galego que trae o alumnado da etapa anterior é, en xeral, bastante pobre, sobre todo o do ámbito urbano.
- Si se percibe, en cambio, unha actitude favorable cara á utilización do galego no ámbito educativo.
- Tamén se recoñece no alumnado unha actitude favorable cara á normalización social do galego.

### 1.4.- **Ambientalidade** lingüística:

- A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros e en todo o relacionado coa administración, é plena.
- Tamén se constata un emprego aceptable no uso do galego co alumnado, coas familias e con outras institucións.
- É moderado o emprego do galego nas interaccións co alumnado en contextos informais.
- O persoal non docente do centro usa amplamente o galego.
- A ANPA presenta un uso moderado do galego.
- Nas actividades extraescolares o galego ten un uso moderado.
- A nosa biblioteca presenta unha boa oferta no referente ao galego.
- As TIC en relación coa lingua galega son francamente mellorables no noso centro.

## 2.- **OBXECTIVOS**:

- O obxectivo en relación co profesorado é conseguir a normalización

lingüística, aínda que somos conscientes de que non é un labor dun curso, senón que hai que facelo con moito tacto e con tempo para ir cambiando pouco a pouco actitudes. En calquera caso, procurarase velar polo rigoroso **cumprimento** do que **a lei** establece en materia **lingüística** na nosa Comunidade.

- Coas esixencias actuais de áreas en galego as dificultades son menores, xa que o alumnado vai vendo como o galego é unha lingua que forma parte cando menos da metade do seu currículo. Aínda así, a práctica habitual non se modifica dun día para outro.

### **3.- LINGUA EMPREGADA NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS:**

Deixando á parte as materias de Lingua e Literatura Castelá e linguas estranxeiras (alemán, francés e inglés) que deben impartirse en cadanseu idioma, impartiranse en **galego** as materias de Lingua e Literatura Galega, Literatura Galega do século XX e, ademais:

- **Ciclos formativos:** Formación e Orientación Laboral e as áreas teórico-prácticas que se determinen ao comezo de cada curso.
- **FP Básica:** área de formación básica -agás L. Castelá e L. Estranxeira- área de formación tecnolóxico-práctica e FOL.
- **1º, 2º, 3º e 4º ESO:** Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo e as materias que en cada curso sexan precisas para garantir a impartición de, cando menos, o 50% en lingua galega (a determinar ao comezo de cada curso).
- **Bacharelato:** Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias da Terra e Medioambientais, Filosofía, Historia da Filosofía, Ética e Filosofía do Dereito, Historia, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia e Xeografía de Galicia, Xeografía, Historia da Arte, Debuxo e as materias que en cada curso sexan precisas para garantir a impartición de, cando menos, o 50% en lingua galega (a determinar ao comezo de cada curso).
- **Ensinanza de Adultos:** a lei prevé o 50% impartición deste nivel en lingua galega (agás as materias de Lingua Castelá e Lingua Estranxeira), o cal estase a cumprir actualmente. Para o curso 2020/21



as ensinanzas de adultos quedan incluídas no horario de BAC, que pasa a ser pola tarde.

## **Lingua galega**

En Lingua galega seguirase avanzando na procura dunha maior competencia lingüística na utilización do galego normativo, respectando o uso da variedade dialectal do contorno. A nivel oral e escrito as accións centradas na utilización do galego van encamiñadas a darlle un pulo significativo á adquisición dunha competencia práctica no idioma así como á conformación de actitudes positivas coa promoción de actividades dirixidas a unha valoración óptima do uso da nosa lingua. Todo isto levarase a cabo co traballo diario na aula, así como fóra dela.

Os recursos dos que nos valem os son múltiples e variados, desde a lectura de libros axeitados a cada idade, coa súa correspondente proposta de actividades, lectura de banda deseñada, de revistas, xornais, realización de carteis... Valerémonos de materiais audiovisuais, así como das tecnoloxías da información e da comunicación, coa idea de promover a súa identificación co uso do galego mediante programas informáticos, Internet, etc.

- Lecturas na rede: <http://bvg.udc.es>, entre outras.
- Encontros con escritoras/es, ilustradoras/es, contacontos, animadores culturais...
- Homenaxe a autores e autoras representativos: percorrido pola súa vida e obra.
- Abril: mes dos libros. O libro fonte de información, entretemento, diversión, investigación...
- Maio cultural: Festa da Lingua. (xogos coa lingua, , escenificacións, recitado...).
- Participación no "Correlingua".
- Proxección de películas e documentais en galego.
- Charlas, recitais, teatro, música, creación plástica...

- Actividades galeguizadoras do EDLG en combinación con outros departamentos (Relixión: concurso de postais de Nadal; Filosofía: obra de teatro; Lingua e Lit. Galega: certames literarios; Interdisciplinar: revista do centro ...)
- Elaboración e dotación de materiais en galego para a páxina web, sen prexuízo de que os departamentos poidan incluír materiais noutras linguas.

## **Lingua castelá**

O departamento de Lingua Castelá e Literatura entende a competencia lingüística como un punto fundamental, na medida na que inclúe as habilidades e destrezas básicas (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita; falar/escoitar, ler/escibir e interactuar o discurso dialogado). A liña de actuación concreta incluíría os seguintes aspectos:

- Comprensión de textos orais: actividades que abrangan distintas fontes e tipoloxías textuais (programas de radio e televisión, crónicas deportivas, noticias, documentais, reportaxes...), visionado de montaxes audiovisuais, anuncios publicitarios, cancións, textos literarios e de uso social; recoñecemento das ideas principais e as secundarias, identificación da finalidade comunicativa dos textos ...
- Comprensión de textos escritos: actividades de comprensión e reflexión sobre o contido, estrutura e organización dos textos.
- Producción de textos orais: potenciarase a expresión oral en actividades de representación de roles pactados previamente, dramatización de situacións de fala cotiás, exposición oral dos contidos conceptuais explicados na aula, de traballos de investigación que expoñerán aos compañeiros; expresión de sentimentos, descrición de imaxes diversas (paisaxes, estancias, pinturas, etc.); debates sobre temas de actualidade....
- Producción de textos escritos de diversos tipos: creativos, para a vida cotiá e social (informes, cartas, actas, reclamacións, instancias, textos periodísticos,...) e respecto pola norma ortográfica (búsqueda da corrección léxica e gramatical).
- Elaboración de traballos de investigación: pescuda de contidos

traballados nas unidades didácticas, investigacións a partir de preguntas-guía; búsqueda de fontes a partir dunha bibliografía determinada, direccións de internet ou traballos de investigación autónomo de procura de fontes sen orientación bibliográfica.

- Lectura: fomentárase o hábito lector buscando o equilibrio entre a imposición dunha lectura e unha invitación á mesma. Os libros deberán axeitarse ao nivel educativo e o grao de madurez do alumnado.

### **Lingua estranxeira (alemán, francés, inglés)**

Potenciarase que o alumnado adquira unha boa competencia lingüística desenvolvendo as habilidades básicas (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita) así como as catro destrezas básicas: comprender, ler, escribir e falar. A adquisición destas competencias e habilidades sustentárase na etapa da ESO, entendendo o BAC como a etapa de consolidación e ampliación das mesmas.

Seguirase unha metodoloxía que, a partir da reflexión sobre o proceso de *aprender a aprender*, inclúa - entre outras- as seguintes actuacións:

- Realizar gran variedade de actividades lingüísticas individuais e interactivas: traballarase e potenciarase a expresión oral con actividades do tipo asunción/representación nun contexto determinado de roles pactados previamente; dramatización de situacións de fala cotiás (explicar como se chega a unha determinada dirección, pedir explicacións, formular unha protesta, comprar entradas para un espectáculo...), descrición de imaxes diversas (paisaxes, estancias, personaxes famosos...).
- Fomentar nos alumnos o pracer e as ganas de ler en alemán/francés/inglés. Proporase ao alumnado a lectura, tanto individual como colectiva, na aula, de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, en soporte impreso ou electrónico e traballarase técnicas de comprensión lectora, extracción de información partindo de textos de diversa dificultade, expresión oral, ampliación de vocabulario, etc.

- Recorrer a técnicas de aprendizaxe lúdicas: cancións, adiviñas, contos, xogos, películas, actividades plásticas, cartas... Fomentar o uso de materiais de consulta en papel e noutros formatos para reforzar e ampliar os coñecementos de vocabulario e contidos de gramática.
- Fomentar a elaboración de traballos de investigación sobre distintos temas relacionados coas culturas das linguas correspondentes (gastronomía, xeografía, deportes, literatura, etc.) conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado: busca puntual e/ou ocasional sobre contidos traballados nas unidades didácticas (diccionario, enciclopedia...), pequeno traballo de indagación (orientado a partir de preguntas-guía), traballo dirixido de busca de fontes a partir dunha bibliografía determinada ou direccións de Internet, ou traballo autónomo de investigación de busca de fontes sen orientación bibliográfica.
- Promover certames interculturais de tradución, narrativa breve, música, etc.
- Utilizar a lingua estranxeira en contidos doutras materias e disciplinas, de xeito que o alumnado a perciba como un importante medio de comunicación e acceso ao coñecemento.
- Fomentar o traballo interdisciplinar a través das linguas estranxeiras.
- Coordinar os distintos departamentos lingüísticos co fin de evitar a repetición de contidos e destrezas comúns aos diferentes idiomas.
- Implantar a materia de libre configuración teatro en inglés.

## **Seccións bilingües**

Unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha materia seguindo a metodoloxía CLIL. É dicir, de xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda (castelán ou galego) e nunha lingua estranxeira (inglés ou francés).

O termo CLIL (*Content and Language Integrated Learning*) refírese a ensinanza de materias non lingüísticas mediante unha lingua estranxeira. Este termo adoptouse en Europa en 1994 para identificar as metodoloxías que integraban linguas a través de contidos doutras áreas. Esta fusión introducía

un nivel de autenticidade maior do que se conseguía normalmente nunha clase de lingua, permitindo a consecución progresiva de altos niveis de destreza, ao usar a lingua en situacións da vida real, así como na aprendizaxe de contidos.

As tendencias de europeización e globalización están a facer que o modelo CLIL sexa un compoñente cada vez máis presente nos sistemas educativos de toda Europa.

O primeiro modelo CLIL comezou en Galicia no curso 1999/2000, co nome de Seccións Europeas. A publicación da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e a necesidade de unificar nomenclatura, criterios e regulación en todos os niveis, levaron á administración educativa galega a publicar novas normas (Orde do 18 de abril de 2007, que sería substituída pola Orde do do 12 de maio de 2011) que regulasen as denominadas seccións bilingües, o modelo vixente na actualidade.

A día de hoxe, grazas ás seccións bilingües, cerca de 70.000 alumnos de toda Galicia aumentan o tempo de contacto cunha lingua estranxeira, ao tempo que teñen a oportunidade de adquirir outras dimensións dela.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa autorizou, a partir do curso 2013/14, as seguintes seccións bilingües no IES Lucus Augusti:

- Sección bilingüe de Tecnoloxías (en inglés) no 2º curso da ESO
- Sección bilingüe de Tecnoloxías (en inglés) no 3º curso da ESO
- Sección bilingüe de Música (en inglés) no 3º curso da ESO
- Sección bilingüe de Música (en inglés) no 2º curso da ESO

#### **D.- PROXECTO LECTOR**

Desenvolvemento do proxecto lector.

#### **E.- PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

## F.- TRANSPORTE E COMEDOR

O IES Lucus Augusti recolle alumnos con dereito a transporte gratuíto procedente das áreas rurais, que xa gozaban dese servizo no colexio de referencia en educación primaria: os alumnos do CEIP da Ponte. Ademais, viaxan tamén varios alumnos de bacharelato ou de ciclo que cursaron solicitude á Xefatura Territorial.

O percorrido detállase a continuación:

- a) Empresa Mourenza y Pardo S.L.: O Burgo, Carrigueiros, San Xoán do Alto, Villaestévez Pobo, Santo Matías, Gasolineira-Louzaneta-Infobús, Orbazai- Dársena e Praza do Exército Español.
- b) Empresa Portomarín S.A.: Ferroi, Tosende, Longalai, Conexeira, Ribas de Miño-Alongar, Ceza, Coeses, Ventosiños, Fontemaior, O Pombal-Cruce, Vilalbite, Cuíña, Ribeira e Pena da Mula.
- c) Empresa Portomarín S.A.: Lázare, Cruce de Longalai, Piñeiro, Birmigueiro, Lamaboa, S. Xoán do Campo (Dársena), Galegos, Argonde, Verín, Saa (Dársena), Castro Alfonsín, Santa María de Fixós, Vilamoure, O Carballal, Fonde de Mouro, San Pedro de Soñar, Campo da Barra (Dársena) As Campiñas (Dársena), Piugos (Dársena), Pena da Mula (Dársena).
- d) Empresa Eleuterio López y Cía S.L.: Ponteagros, Rego do Espiño, Santa Eufemia, Bazar, Paderne, Monte de Meda, Lamas, Calde, Santa Eulalia, As Arieiras, A Ponte.

En canto ao comedor escolar é un servizo de xestión indirecta que se rexe por un contrato entre a Consellería de Educación e a empresa Airscatering. O servizo de comedor neste centro só se presta os luns ao ser o único día que os alumnos da quenda ordinaria teñen clase pola tarde. No curso 2020/21 a organización do acceso ó comedor farase en dúas quendas para evitar aglomeracións e mantendo os aforos e distancias de seguridade. As mesas do comedor están equipadas con mamparas para maior seguridade e en cada mesa só se poden sentar dous alumnos, dispostos en diagonal.

## G.- DATAS DE AVALIACIÓN

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/system/files/AVALIACION%2020.21.pdf>

## H.- PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/208>

## I.- PLAN DE CONVIVENCIA 2020-21

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/208>

## J.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2020-21

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/taxonomy/term/222>

## K.- PROXECTO ERASMUS

**Programas ERASMUS en activo:**

**KA102        2019-1-ES01-KA102-063192**

Este é un programa de mobilidades de estudantes e profesorado de Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio, no que están concedidas 3 mobilidades longas para estudantes recién titulados, 6 mobilidades curtas para realizar a formación en centros de traballo (FCT) ou para recém titulados e 5 mobilidades para profesores, 1 delas de planificación. Este programa abarca o bienio 2019-21 e xa tivo 4 alumnos en laboratorios da UTAD en Vila Real. Recentemente foi ampliado 12 meses a causa da pandemia, que obrigou a suspender mobilidades xa a punto de comezar.

Anteriormente foron culminados con éxito o programa **2015-1-ES01-KA102-015169**, despois de ter implicado a mobilidade de 7 alumnos e 5 profesores; e tamén o programa **2017-1-ES01-KA102-036585** con 6 mobilidades de alumnos e 5 de profesores.

Neste programa no que se ten colaborado con laboratorios da Universidade La Sapienza de Roma (Italia), laboratorios da Universidade de Tras os montes e Alto Douro de Vila Real (Portugal) e laboratorios da

Universidade dos Açores, ten continuación no trienio 2019-22 , no que se incorpora como socios colaboradores os laboratorios do Trinity College de Dublín.

#### **KA103        2018-1-ES01-KA103-047687**

Este proxecto propio de mobilidade de 5 estudantes e 1 profesor, pertence ao ensino superior: Ciclos Superiores e Ensino Universitario. O proxecto remataría en maio deste ano 2020, pero debido á pandemia tivo que ser ampliado 12 meses máis, xa que 5 alumnos que ían realizar a súa FCT en laboratorios da Universidade dos Açores tiveron que renunciar a causa do cerre das fronteiras pola pandemia.

Este programa dalle continuación ao 2016-1-ES01-KA103-022794 no cal 1 alumno disfrutou de dúas becas en Portugal (Vila Real), no Laboratorio de solos e plantas; 1 alumno no Laboratorio de xenética do Trinity College de Dublín; e 1 profesor estivo na Universidade en Vila Real (Portugal).

#### **KA103        CONSORCIO PRAXEUROPA**

Este centro leva formando parte dun consorcio para mobilidades de estudantes e profesores de Ciclo Superior, dende o curso 2014-15. Este consorcio chamado PRAXEUROPA engloba a cuarenta centros galegos con ensinanzas de Ciclos Superior, e está xestionado directamente pola Consellería de Educación.

Ao abeiro deste programa, anteriormente viaxaron dous alumnos a Malta e unha alumna a Portugal. Para este curso cóntase con 2 prazas máis para mobilidades de estudantes de ensinanzas superiores.

#### **CONSORCIO INTERPRAX**

Esta é outra asociación de centros de toda Galicia e a propia Consellería de Educación, para intercambios de alumnos e profesores con países non comunitarios.

Ao abeiro deste programa viaxaron 4 profesores á Universidade de Payap, en Chiang-Mai (Tailandia), en abril de 2017; e 2 alumnas á Universidade de Elbasan (Albania).



No actual programa o centro colaborou activamente na elaboración do propio proxecto aportando os socios propios da Dr. Babasaheb Ambedkar Marathwada University en Aurangabad, Maharashtra city (India). O proxecto foi concedido e moi ben valorado a nivel de todo o estado español.

### **KA203          CONSORCIO PRAXEUROPA**

O centro IES LUCUS AUGUSTI colabora como socio nun proxecto de “Acción Clave 2” da Universidade de Santiago de Compostela chamado “Service Learning to Improve Training and Employability in Wildfire Management in Southern Europe / FacingFIRE”. Este proxecto foi valorado coa máxima puntuación a nivel de todo o estado español e involucra tamén a universidades de Grecia, Italia e Portugal. Trátase dun programa de Aprendizaxe e Servizo na que tamén intervirán alumnos e profesores do Ciclo Superior de Laboratorio que se imparte no noso centro.

### **L.- PLAN DE CONTINXENCIA**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslucusaugusti/system/files/Plan%20de%20Continxencia.pdf>